

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 10 DE ABRIL DE 2023

### 1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00017242L.

Aprobación de acta de sesión anterior.

Apróbase a acta correspondente á sesión ordinaria de data 3 de abril de 2023.

### 2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00012769N.

Aceptar cesión de viario e licenza para construción de vivenda unifamiliar na rúa Calzada de Sar.

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 02/11/2022 outorgada ante notario co número de protocolo 1.411.

Segundo.-Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 31/03/2023 e a documentación presentada o 22/11/2022 e o 02/02/2023, cun orzamento de execución material de 262.393,56 €, a construción dunha vivenda unifamiliar na Rúa Calzada de Sar Santiago de Compostela ( A Coruña).

### 3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00034833L.

Aceptar cesión de viario e licenza para proxecto básico de rehabilitación e ampliación para vivenda familiar en Tras Costa de Santa Isabel, 36.

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 26/10/2022 outorgada ante notario co número de protocolo 1068.

Segundo.-Conceder licenza para o proxecto básico asinado o 01/07/2022 e a documentación presentada o 09/01/2023, 06/02/2023 e o 29/03/2023, cun orzamento de execución material de 151.800,00 €. O proxecto básico refírese á rehabilitación e ampliación para vivenda unifamiliar na parcela sita na rúa Tras Costa Santa Isabel, 36 Santiago de Compostela ( A Coruña)

### 4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00016096T.

Rehabilitación da envolvente no edificio sito na rúa Sta Marta de Arriba, 31-33.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico de data de visado do 16/12/2022 cun orzamento de execución material de 135.133,48 €, a rehabilitación da envolvente no edificio situado en Rúa de Santa Marta de Arriba 31-33 (VIVENDAS DIEGO XELMÍREZ) Santiago de Compostela ( A Coruña).

### 5. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/384/2019.

Licenza de obras de rehabilitación e ampliación para apartamentos turísticos e local comercial na Avda Rosalía de Castro, 100.

Acórdase:

PRIMEIRO: Aceptar a cesión ao Concello dunha porción de terreo de 9,69 m<sup>2</sup> contida na escritura de cesión gratuíta para viario outorgada o 06/05/2022 ante notario baixo o seu número de protocolo 1.485.

SEGUNDO: CONCEDER a ASSEGONIA SUITES, S.L. licenza de OBRAS DE AMPLIACIÓN e REFORMA de edificación destinada a local comercial e sete apartamentos turísticos na AVENIDA ROSALÍA DE CASTRO, 100, segundo Proxecto básico e de execución co visado colexial de data 25/05/2021, e anexo con data de visado de 09/03/2022, e Proxecto de ICT co visado colexial de 26/05/2021, cun orzamento de execución material de 271.000 €.

Trátase de obras de rehabilitación da planta baixa, primeira e segunda así como a ampliación da planta terceira e baixo cuberta para local comercial sito en parte da planta baixa e sete apartamentos turísticos sitos dous nas plantas 1<sup>a</sup>, 2<sup>a</sup> e 3<sup>a</sup> e outro no baixo cuberta con instalacións comúns en planta baixa e baixo cuberta, cunha superficie construída total de 503,78 m<sup>2</sup>, superficie de ocupación en planta de 278,32 m<sup>2</sup> e altura de cornisa de 13,30 metros.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza OE-1 do recinto intramuros do Plan Especial de protección e rehabilitación da Cidade Histórica.

#### **6. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2022/00051232L.**

Licenza de obra nova de supermercado (Gadis) e aparcadoiro na Rúa do País Vasco, 55-61. | Acórdase:

Primeiro: Conceder a BIENES INMUEBLES CORPORATIVOS ATLÁNTICOS 2008, S.L.U. licenza de obra nova para construción de nave comercial e aparcadoiro na RÚA DO PAÍS VASCO, 55, 57, 59 e 61, Parcelas C301c-d-e-f do Polígono da Sionlla, segundo Proxecto básico con data de rexistro de 08/11/2022 e anexo con data de rexistro de 23/12/2022, cun orzamento de execución material de 921.755,44 €, baixo a dirección facultativa dos proxectistas.

As actuacións consistirán na construción de edificación comercial dunha planta destinada a supermercado (marca comercial Gadis) cunha superficie construída de 2.497,18 m<sup>2</sup> e altura de 5,55 metros , cunha zona destinada a aparcamento de 5.858,83 m<sup>2</sup> e instalación de poste publicitario.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa Ordenanza 3. Edificación semiadosada, Variante 3.c. do Proxecto sectorial da Sionlla.

#### **7. ÁREA IV: URBANISMO E INFRAESTRUTURAS . Referencia: 2023/00016988H.**

Aprobación de proxecto de Regulamento do Consello Municipal da Cidade Histórica. |

Acórdase:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de Regulamento do Consello Municipal da Cidade Histórica.

O Consello Municipal da Cidade Histórica é un órgano colexiado de participación da cidadanía para a consulta, asesoramento, proposta e seguimento das acción encamiñadas á conservación patrimonial e promoción dos intereses colectivos dos residentes na cidade histórica do Concello de Santiago de Compostela.

SEGUNDO. Elevar ao Pleno da Corporación proposta para a aprobación inicial do Regulamento do Consello Municipal da Cidade Histórica , previo ditame da Comisión Informativa correspondente.

#### **8. EDUCACIÓN. Referencia: 2023/00016839F.**

Aprobación da memoria programática e económica do XXVII Certame de Teatro Intercentros 2023. |

Acórdase:

1.- A aprobación da memoria programática e económica por importe de 9.021,68 euros, do XXVII Certame de Teatro Intercentros 2023.

2.- O importe dos gastos do XXVII Certame de Teatro Intercentros 2023, irá con cargo á aplicación orzamentaria 080 32600 2269900

**9. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00017035L.**

[Dar conta da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 329/2022 CA2. ]  
Dase conta da sentenza nº 056/2023. PA 329/2022 CA2

**10. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00017242L.**

[Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas . ]  
Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 31 de marzo ao 4 de abril de 2023.

**URXENCIAS**

**11. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00017754W.**

**Dación de conta da Sentenza recaída no Incidente Concursal ICO 107/22/01-J**  
Dase conta da sentenza 10/2023 do 3.04.2023, do Xulgado do Mercantil nº 2 da Coruña.

**12. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: 2023/00017771L**

**“Acondicionamento do trazado de ferrocarril en desuso Santiago de Compostela-Cerceda para uso como Vía Verde de Compostela-TambreLengüelle / Tramo 2 (t.m. de Santiago de Compostela)”**

Apróbase o proxecto construtivo de data 20/03/2023 da obra de “Acondicionamento do trazado de ferrocarril en desuso Santiago de Compostela Cerceda para uso como Vía Verde de Compostela-Tambre-Lengüelle / Tramo 2 (t.m. de Santiago de Compostela)”.